



REAL CORO “TOXOS E FROLES”

Fundado en 1915

DECANO DOS COROS GALEGOS

MEDALLA DE OURO DE GALIZA

I CONCURSO DE CUARTETOS DO REAL CORO “TOXOS E FROLES”

1. Poderán participar tódolos instrumentistas que o desexen, independentemente da súa procedenza xeográfica.
2. Únicamente serán admitidos instrumentos tradicionais galegos.
3. Os instrumentistas única e exclusivamente poderán formar parte dun cuarteto.
4. Os concursantes deberán vesti-lo traxe tradicional galego.
5. Un membro do cuarteto deberá vesti-lo traxe tradicional ata o remate do concurso.
6. Establecerase unha única categoría na que participarán ata un máximo de 10 grupos.
7. Para a selección dos grupos terase en conta o curriculum e as pezas presentadas a concurso.
8. Os cuartetos que desexen participar deberán remiti-la folla de inscrición que se adxunta e que tamén pode ser atopada na páxina web do Real Coro “Toxos e Froles” (www.toxosefroles.com).
9. As inscricións deberán ser remitidas á dirección postal seguinte:
 - Real Coro “Toxos e Froles”, Rúa Magdalena 220, apdo 72, 15402 Ferrol
 - Ou ó correo electrónico info@toxosefroles.com**Antes do día 16 de Marzal de 2012.**
10. O concurso terá lugar na Sede do Real Coro “Toxos e Froles”, na Rúa Magdalena 220 de Ferrol, o **Sábado 24 de Marzal de 2012 ás 19.00 horas**.
11. Os cuartetos seleccionados deberán estar presentes na Sede do Real Coro “Toxos e Froles” ás 18.00 horas para confirma-la súa asistencia.
12. A orde de actuación farase por sorteo por membros da Xunta Directiva do Real Coro “Toxos e Froles” e será feita pública na páxina web da Entidade.
13. A actuación dos cuartetos terá unha duración mínima de 5 minutos e máxima de 6 minutos. Haberá que interpretar obrigatoriamente un ritmo de muiñeira ou xota, quedando á elección dos músicos a mostra doutras melodías.
14. As pezas a interpretar deberán ser tradicionais ou populares. No caso de non ser así o Real Coro “Toxos e Froles” remitirá á agrupación participante correspondente calquera gasto referido ós dereitos de autor no caso de seren requeridos pola SGAE.
15. O tempo de actuación comezará a contar de xeito continuo co inicio da interpretación.



REAL CORO “TOXOS E FROLES”

Fundado en 1915

DECANO DOS COROS GALEGOS

MEDALLA DE OURO DE GALIZA

16. A folla de inscrición deberá ir acompañada coas partituras das melodías para gaita a interpretar polos concursantes. Asemade, adxuntarase un pequeno curriculum dos instrumentistas.
17. O concurso estará dotado dun **único premio de 1.500 €**.
18. As gravacións audiovisuais que faiga o Real Coro “Toxos e Froles” do concurso pasarán a formar parte do arquivo da Entidade, reservándose o seu dereito de uso.
19. O Xurado estará composto por persoas coñecedoras da música tradicional galega.
20. O Secretario Xeral do Real Coro “Toxos e Froles” será o encargado de levantar acta e facer públicas as decisións do Xurado.
21. O Xurado valorará a afinación, o emprego de dixitacións galegas, ornamentación, recursos interpretativos, dificultade das pezas, estética, ... e o empaste entre os instrumentistas.
22. O Xurado será o encargado de xulga-las actuacións dos participantes seguindo o estipulado nas presentes bases e asignará o premio, que en ningún caso poderá quedar deserto.
23. A inscrición no concurso implica a aceptación das presentes bases. O Xurado poderá descalificar a calquera concursante que non cumpra co estipulado nas bases.
24. A decisión do Xurado será inapelable.